

A CONXUNCIÓN SUBORDINANTE “CUM”

A conxunción *cum* introduce oracións subordinadas adverbiais e non debe confundirse coa preposición *cum*, pois son dúas palabras diferentes. Segundo o modo e o tempo do verbo co que vaia traducirse de diferentes maneiras.

Cum + indicativo

Introduce unha oración subordinada temporal en que *cum* se traduce como “cando”.

Cum Caesar in Galliam venit, principes erant Haedui et Sequani.

Cum + presente / perfecto de subxuntivo

Introduce unha oración subordinada causal e *cum* tradúcese como “porque”, “xa que”...

Cum ea ita sint, Caesar ex castris copias suas educit.

Cum + imperfecto / pluscuamperfecto de subxuntivo

Cum introduce unha oración subordinada temporal / causal que recibe o nome de “*cum* histórico”.

Imperfecto de subxuntivo

Aquí *cum* non se traduce e no seu lugar cambia a tradución do verbo de modo que teríamos que traducir “ao + infinitivo” (en galego e castelán) ou xerundio simple (só en castelán).

Cum Germani id viderent, equitatum suis auxilio miserunt.

Pluscuamperfecto de subxuntivo

Como antes, en lugar de traducir *cum* temos que modificar a tradución do verbo de modo que en galego e castelán poderíamos traducilo “tras + infinitivo” e en castelán como “al + infinitivo composto” ou como xerundio composto.

Cum Germani id vidissent, equitatum suis auxilio miserunt.

Cum + subxuntivo (coa conxunción *tamen* na principal)

Introduce unha oración subordinada concesiva e *cum* tradúcese como “aínda que”.

Cum Caesar in Gallia esset, tamen Haeduorum legati non venerunt.

Traduce e analiza as seguintes oracións:

Cum legati ex oppido ad eum venisset, arma dari iussit.

Tum, cum vicina castra ipse et rex haberent, medicus Pyrrhi nocte ad eum venit.

Cum iam clarum urbis Romae nomen esset, arma tamen extra Italia mota non fuerant.

Cum de eius adventu Helvetii certiores facti sunt, legatos ad eum mittunt nobilissimos civitatis.

Iulianum Caesarem ad Gallias misit, cum multa oppida barbari expugnassent.

Cum in Algidio monte Romanus obsideretur exercitus, L. Quintius Cincinnatus dictator factus est.

Tum, cum uxores ipse et populus suus non haberent, invitavit ad spectaculum ludorum vicinas urbi Romae nationes atque earum virgines rapuit.

Germani cum suos interfici viderent, signis militaribus relictis ex proelio fugerunt.

Cum multa arma haberent tamen capti sunt.

Caesar, cum legiones victas esse videret, omnem ex castris equitatum auxilio misit.